

DESLOCALIZACIONES DE EMPRESAS Y DESPIDOS COLECTIVOS

Autor: Baylos Grau, Antonio (2022)
Editorial: Bomarzo, 113 páxs.

A obra que aquí se comenta analiza brillantemente o importante fenómeno da deslocalización, os despedimentos colectivos e o peche de empresas, abordando o seu réxime xurídico e propoñendo medidas de control e acertadas propostas de regulación. A deslocalización, asociada á globalización, aproveita as diferenzas normativas e de protección social en custos de produción máis reducidos noutros países. Unha competencia global que afecta as normas e ordenamentos xurídicos que escollen as empresas transnacionais á súa conveniencia.

De toda esta problemática dá conta de forma brillante o profesor doutor Antonio Baylos Grau, que aborda de modo excepcional unha temática complexa de indiscutible importancia, cunha claridade expositiva que fai desta obra un referente na materia. Así mesmo, o autor dota a obra dun enfoque internacional e comunitario, en relación co Tratado de Lisboa e o recoñecemento do principio de libre concorrencia e a liberdade de establecemento, buscando o equilibrio entre a protección contra os despedimentos inxustificadas e a liberdade de establecemento. Resáltase a necesidade de reforzar o rol da mediación e da dirección do proceso de consultas pola autoridade laboral. Así como do establecemento do control colectivo a través da intensificación do dereito de información e transparencia no período de consultas.

Nesta orde de consideracións, a obra ten un claro compoñente reflexivo, a través da análise dunha interesante casuística, coa que pon de manifesto o importante papel que desempeñaron os nosos tribunais á hora de clarificar as

dúvidas interpretativas que se suscitaban na práctica. Ese enfoque xurisprudencial complétase cunha amplísima bibliografía, que comprende dende achegas doutriniais clásicas, ás máis recentes contribucións da doutrina científica, polo que se debe cualificar como un estudo moi completo, exposto de forma sublime, non só pola extraordinaria análise técnico-xurídica, senón tamén porque proporciona unha visión clara do contexto no que se insire, acompañada dunha visión práctica na interpretación e aplicación da normativa. Neste sentido, o autor fai un enfoque creativo, pois non se limita a analizar con rigor o fenómeno da deslocalización, senón que propón alternativas para dotar de maior protección laboral as persoas traballadoras no marco dun contexto con novos espazos de produción transnacional, como produto da expansión dos procesos de deslocalización, subcontratación e externacionalización.

A obra, publicada por Bomarzo, obedece a unha estrutura perfectamente sistematizada, que permite percorrer ao longo de sete capítulos moi ben enlazados as diferentes vicisitudes ás que se ve exposto o traballador no marco da prestación dos seus servizos, dende un enfoque transversal. O punto de partida da obra non é banal, pois a aproximación conceptual que fai o autor nos capítulos I e II é fundamental á hora de entender a deslocalización e os despedimentos colectivos que comporta o desprazamento da empresa a outro país, conectando de forma excepcional as arestas que presenta este fenómeno. Tras esa primeira análise, o autor aborda o enfoque xurídico da análise das posibilidades que o sistema xurídico abre ao control colectivo ou administrativo das decisións das empresas de desprazar a súa produción. A evolución do papel da autoridade laboral competente mediante a autorización administrativa, o período de consultas entre o empresario e os representantes dos traballadores e a valoración xudicial, son temas que se analizan de forma magnífica polo profesor Baylos Grau. A continuación, pero seguindo con esta acertada metodoloxía de análise, profúndase na normativa de excepción ante a crise pandémica que se inicia en marzo do 2020, limitando o dereito a despedir e utilizando mecanismos para manter o

emprego mediante o uso de expedientes de regulación de emprego (ERTE) para a suspensión do contrato ou a redución da xornada, co obxectivo fundamental de evitar despedimentos. Tamén se analiza o impacto do Real decreto 32/2021, do 28 de decembro, que incorpora un mecanismo permanente de flexibilidade e estabilización do emprego que pretende restrinxir e limitar as facultades empresariais nos despedimentos colectivos, axilizando e incentivando os ERTE como fórmula alternativa e prioritaria ás extincións. Así mesmo, créase o Mecanismo RED coa intención de protexer o emprego e acompañar os procesos de reconversión, cun forte apoio á formación e recualificación profesional para facilitar a recolocación dos traballadores.

Tras esta rigorosa análise, no capítulo III, relativo á importancia cuantitativa dos despedimentos e o seu custo, utilízanse ilustrativas estadísticas mediante as cales o autor fai unhas destacadas e acertadas reflexións e críticas construtivas. Neste percorrido, no capítulo IV, o profesor Baylos Grau realiza un estudo exhaustivo de dous casos emblemáticos como o de Nissan, no que a empresa chegou a un acordo de aprazar o peche co comité de empresa incorporando un proceso de reindustrialización, e o caso Alcoa, no que o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia e posteriormente o Tribunal Supremo declararon nulos os despedimentos por quebrantamento da boa fe na negociación e se chegou a un acordo de suspensión da actividade a cambio do mantemento do persoal da empresa.

Merece unha mención especial o capítulo V, no que se desenvolven importantes conclusións sobre o funcionamento dos despedimentos colectivos e se propoñen alternativas para os complexos procesos de deslocalización de empresas, que culminan na desregulación laboral e o empeoramento das condicións de vida e traballo, reflexo da inmensa vulnerabilidade á que se ven sometidos os traballadores.

Nos últimos capítulos VI e VII, o autor refírese á incentivación económica, concretamente á reversión das axudas públicas e á necesidade de dispoñer dunha norma específica e á posibilidade de recuperar para os despedimentos colectivos a autorización administrativa como forma de reforzar o control colectivo do proceso de deslocalización. Finalmente,

propóñense alternativas para a regulación da deslocalización, xa que o autor leva a cabo propostas de regulación moi interesantes, como unha importante achega en relación coa necesidade de establecer un código de boas prácticas para os supostos de deslocalización aumentando o prazo de aviso previo antes do inicio dun ERE e establecendo incentivos para a elaboración dun plan social. O autor chega a conclusións de indubidable interese científico, que inclúen importantes reflexións críticas, para terminar cunha serie de propostas, solucións e recomendacións moi acertadas.

En definitiva, a claridade argumentativa do profesor Baylos Grau non sorprende, se ademais se ten en conta a súa liña de traballo, pois xa noutras ocasións abordou o tema dos despedimentos colectivos con indubidable rigor, así como as relacións colectivas, as empresas transnacionais nos procesos de externalización, a globalización e a regulación do traballo e os dereitos sociais. Non obstante, a virtude desta monografía radica en que aborda a cuestión de forma omnicompreensiva, ofrecendo un estudo rigoroso de máxima actualidade, que mellora e complementa as achegas doutrinais existentes.

Por todo iso, felicito publicamente ao profesor. doutor Antonio Baylos Grau pola culminación dunha obra tan exhaustiva, que aborda un tema de gran interese, que xera moitos desafíos, precisamente no momento en que asistimos a unha transformación das relacións laborais tal e como se concibían tradicionalmente. Trátase dunha obra moi recomendable, polo que convido á súa lectura sosegada os profesionais especialistas no Dereito laboral. Nela atoparán unha boa guía interpretativa cimentada nunha actualizada e afinada análise lexislativa, doutrinal e xurisprudencial, que invita á reflexión e ao debate sobre unha materia de rigorosa actualidade. A súa lectura resulta imprescindible para entender o fenómeno da deslocalización no ámbito laboral e nela atoparanse as mellores solucións para paliar os seus efectos. Na obra, ademais de estar moi ben escrita, achéganse solucións e propostas novas de *lege ferenda* para outorgar maior seguridade xurídica. É unha obra completa, detallada e de enorme calidade científica e técnica, que supón unha contribución doutrinal moi relevante e suxestiva da

mellor doutrina, polo que, sen dúbida, merece un destacado recoñecemento para o autor da obra.

ALEXANDRE PAZOS PÉREZ
Profesor Contratado Doutor de Dereito do Traballo e da
Seguridade Social
Universidade de Vigo
alexpazos@uvigo.gal